



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

Resolución do 6 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se presta conformidade á adhesión solicitada polas Entidades Locais de Galicia que figuran no anexo desta resolución, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia

En data 13 de xullo de 2010 asinouse Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase o marco polo cal as Entidades Locais poderían asinar a súa adhesión.

En data 24 de outubro de 2013 asinouse addenda ao referido convenio polo que se ampliaba o prazo de adhesión ata 31 de decembro de 2015.

A cláusula décimo sétima establece a existencia dunha comisión de seguimento, que comprenderá, entre outras, a conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

A devandita comisión de seguimento, segundo consta na acta remitida pola secretaría da comisión, na súa reunión de data 14 de decembro de 2010, acordou delegar a autorización das adhesións no director xeral de Administración Local.

Tramitadas as solicitudes de adhesión telemáticas, procede agora prestar conformidade as validadas de forma correcta.

Polo exposto;



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

En uso das competencias atribuídas e ao abeiro do disposto na cláusula décimo sétima do convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinado en data 13 de xullo de 2010 e o acordo da comisión de seguimento do mesmo de data 14.12.2010;

RESOLVO:

Primeiro. - Prestar conformidade a seguinte solicitude de adhesión telemática das entidades locais de Galicia, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e que figuran no anexo unido a presente resolución.

Segundo. - Posteriormente deberá procederse á aplicación do establecido na cláusula décimo sétima do convenio e certificar pola secretaría da comisión de seguimento a conformidade ás entidades locais.

En Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2014

O director xeral de Administración Local



JOSE ALBERTO PAZOS COUÑAGO

Jose Alberto Pazos Couñago



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Una maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

ANEXO CONCELLOS ADHERIDOS

ENTIDADE LOCAL	PROVINCIA	ESTADO DE ADHESIÓN
CONCELLO DE LANCARA	Lugo	Validada
CONCELLO DE MONDOŃEDO	Lugo	Validada
CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	Validada
CONCELLO DE MOAÑA	Pontevedra	Validada